

## PROXECTO DE REGULAMENTO DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA DE CAMBIO DE GRUPO

A Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña vén de culminar a adaptación das súas titulacións ás esixencias derivadas da implantación do Espazo Europeo de Educación Superior. Os novos graos e mestrados introducen novidades nas metodoloxías docentes que obrigan a unha rigorosa planificación do labor docente por parte do centro. Dentro dos requirimentos que cómpre observar está a distribución dos alumnos/as nos grupos respectando aos tamaños que a normativa académica impón en cada caso.

O Artigo 24 do Estatuto do estudiantado da Universidade da Coruña, aprobado polo Claustro Universitario o 24 de maio de 2007, dispón que a Universidade facilitará que os estudantes poidan desenvolver a vida estudantil sen prexuízo da súa vida laboral. Así mesmo, o Artigo 7 do Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, dispón que os estudantes teñen dereito a unha atención e deseño das actividades académicas que faciliten a conciliación dos estudos coa vida laboral e familiar, así como o exercicio dos seus dereitos polas mulleres vítimas da violencia de xénero, na medida das dispoñibilidades organizativas e orzamentarias da universidade. O Artigo 8 do mesmo decreto, ademais, establece o dereito a elixir grupo de docencia, se é o caso, nos termos que dispoña a universidade, de forma que se poida conciliar a formación con outras actividades profesionais, extraacadémicas ou familiares, e especificamente para o exercicio dos dereitos das mulleres vítimas da violencia de xénero.

En cumprimento da normativa mencionada, o Consello de Goberno da Universidade da Coruña aprobou na súa sesión do 29 de maio de 2012 a *Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na Universidade da Coruña* onde, entre outras cuestións, se regula o réxime de dedicación ao estudo a tempo parcial. Aos estudantes que se acollan a esta modalidade específica de dedicación seralles de aplicación o previsto na devandita norma.

Co obxectivo de facilitar a conciliación da formación con outras actividades profesionais, extraacadémicas ou familiares, o presente regulamento ten por obxecto

regular os cambios de grupo para aqueles/as alumnos/as que teñan un réxime de dedicación ao estudo a tempo completo. Tentaranse solucionar aqueles supostos en que o estudiantado, por razón de circunstancias alleas á propia organización académica, non está en condicións de cursar as ensinanzas no/s grupo/s asignado/s e solicita de xeito expreso o cambio a un/s grupo/s que resulte/n compatible/s na medida do posible coas súas circunstancias laborais, persoais ou familiares. Dado que o mecanismo directo de asignación do alumnado aos grupos é competencia do equipo decanal, procede establecer dentro deste procedemento unha norma clara que permita nos supostos recollidos na regulación aplicable a posibilidade de cambio de grupo. A presente normativa deberá ter carácter excepcional e a súa aplicación estará en todo caso condicionada ao interese xeral derivado da organización docente da facultade e ás requirimentos derivados da normativa académica vixente.

#### **Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación**

1. O presente regulamento ten por obxecto regular os cambios de grupo para aqueles/as alumnos/as que teñan un réxime de dedicación ao estudo a tempo completo.
2. Será de aplicación aos alumnos matriculados nos diferentes títulos oficiais que se imparten na Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña.

#### **Artigo 2. Dos cambios de grupos.**

1. O cambio de grupo producirase a petición do estudante interesado e consistirá nunha reasignación do devandito alumno entre dous ou máis grupos existentes dentro do Plan Docente Anual da Facultade de Economía e Empresa, cando concorran as circunstancias contidas na presente regulación e a organización docente non sufra alteracións relevantes no tocante ao tamaño do conxunto dos grupos do centro.
2. O cambio será solicitado mediante instancia dirixida ao/á decano/a e suporá o cambio global para todas as materias en que estea matriculada a persoa solicitante.
3. Son motivos para solicitar o cambio de grupo os seguintes: motivos laborais, motivos familiares, enfermidades ou discapacidades, dificultades para atender as

clases por ser usuario/a de transporte público, práctica de actividades deportivas e asistencia a actividades de ensino artístico-musicais.

### **Artigo 3. Motivos Xustificados para a Solicitude de Cambio de grupo.**

#### **1. Motivos laborais.**

O desempeño por parte do estudante dun traballo por conta allea nun mínimo de dúas horas diarias en polo menos dous días coincidentes co horario do grupo correspondente.

Deberá achegar a seguinte documentación coa súa solicitude:

- a) Contrato de traballo en vigor, con data anterior ao inicio de ano académico correspondente, e certificado acreditativo de vida laboral da Seguridade Social, onde acredite unha antigüidade mínima de un mes no traballo actual.
- b) Certificado da Empresa onde figure a xornada laboral que debe realizar o/a estudante.

#### **2. Motivos familiares.**

Son causa de solicitude as circunstancias familiares do estudante cando estea dedicado ao coidado dun familiar dependente (cónxuxe, familiar ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade ou familiar menor 12 anos de idade) nun mínimo de dúas horas diarias en polo menos dous días coincidentes co horario do grupo correspondente.

Deberá achegar a seguinte documentación coa súa solicitude:

- a) Resolución do servizos sociais onde se recolla a situación de dependencia familiar ou libro de familia (menores de idade).
- b) Certificado de empadramento e de convivencia familiar no enderezo da persoa dependente (ou menor).
- c) Documento dos servizos sociais onde se exprese que o/a estudante é a única persoa que pode atender á persoa dependente (ou menor) no horario coincidente ou horario de traballo das persoas que convivan co suxeito dependente ou incapaz, do que se deduza claramente que o/a estudante é a única persoa que se pode ocupar do coidado

da persoa dependente ou incapaz que coincida polo menos en dúas horas diarias e non máis de catro co horario do grupo que pretende cambiar.

### 3. Enfermidades ou discapacidades.

É causa de solicitude que o /a estudante padeza unha enfermidade ou discapacidade que lle impida cursar o seus estudos no grupo correspondente.

Deberá achegar a seguinte documentación coa súa solicitude:

- a) Identificación da enfermidade ou discapacidade padecida.
- b) Explicación motivada das causas polas que a enfermidade ou discapacidade impiden cursar os estudos na grupo correspondente.
- c) No caso de procesos de rehabilitación ou tratamento médico: certificado médico do tratamento seguido e da súa duración e coincidencia co horario das clases.

### 4. Transporte público.

É causa de solicitude a utilización dun medio de transporte público que teña un horario de funcionamento que impida a normal asistencia ás clases no grupo inicialmente asignado.

Deberá achegar a seguinte documentación coa súa solicitude:

- a) Documento oficial de empadramento do solicitante.
- b) Horario da liña de autobuses ou ferrocarrís que realice o percorrido dende/até o enderezo do estudante, selado pola empresa.
- c) Xustificantes de uso do medio de transporte público en días hábiles.

### 5. Práctica de actividades deportivas.

É causa de solicitude a práctica dunha actividade deportiva federada nun mínimo de dúas horas diarias en polo menos dous días coincidentes co horario do grupo correspondente.

Deberá achegar a seguinte documentación coa súa solicitude:

- a) Licenza federativa da disciplina deportiva que practique.

b) Certificado expedido polo club deportivo ou entidade debidamente inscrita na federación deportiva no que se indique de xeito expreso o horario de adestramento e competicións semanais aos que o/a estudante está sometido.

6. Asistencia a actividades de ensino artístico-musicais.

É causa de solicitude a asistencia a unha actividade oficial de ensino artístico-musical nun mínimo de dúas horas diarias en polo menos dous días coincidentes co horario do grupo correspondente.

Deberá achegar a seguinte documentación coa súa solicitude:

a) Certificado oficial expedido polo Centro de Estudos Artísticos Oficiais onde se faga constar de xeito expreso o horario de clases do/a estudante.

#### **Artigo 4. Procedemento para o cambio de grupo.**

1. A comezo de cada curso académico o Decanato abrirá un prazo para que os estudantes soliciten un cambio de grupo consonte o disposto neste regulamento.

1. As solicitudes presentaranse, mediante instancia dirixida ao Sr/Sra. decano/a, por parte dos/as estudantes na Secretaría da Facultade de Economía e Empresa no prazo que se indique.

2. Os/As estudantes deberán indicar na instancia:

a. Grupo/s inicialmente asignado/s

b. Grupo/s solicitados consonte as súas circunstancias.

3. Os/As solicitantes acompañarán a instancia coa documentación xustificativa necesaria, mencionada no artigo 3 da presente normativa.

4. Os /As estudantes que se matriculen con posterioridade ao inicio das clases, terán un prazo de solicitude especial que fixará todos os anos a Comisión Académico- Docente.

5. A resolución das solicitudes de cambios de grupo será competencia da Comisión Académica da Facultade de Economía e Empresa que resolverá nun prazo máximo de 48 horas laborais, desde a finalización do prazo de solicitudes.

6. Toda solicitude presentada fóra de prazo non será atendida.

7. A solicitudes que non estean debidamente documentadas serán desestimadas.

8. A resolución será comunicada vía páxina web e no taboleiro da Administración do Centro.

9. A Comisión deberá ter en conta que os grupos resultantes non poderán superar o tamaño fixado no PDA da Facultade coas folguras aceptables, de ser o caso.

10. En caso de que o número de solicitudes sexa maior que o de prazas dispoñibles , as situacións do tipo 1 a 3 terán preferencia sobre as situacións do tipo 4 a 6. Se hai varias solicitudes dun mesmo grupo de situación que non puidesen ser atendidas os/as estudantes serán seleccionados/as en función da nota media do seu expediente (ou nota de acceso, para estudantes do primeiro curso)

### **Disposición Final**

A presente normativa entrará en vigor no día da súa aprobación pola Xunta da Facultade de Economía e Empresa.